

Cráterios de corrección terceiro exercicio

O Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE de 6 de marzo de 2023) para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre, da Universidade de Santiago de Compostela, en relación co segundo exercicio do proceso selectivo,

ACORDOU:

PRIMEIRO: Esta proba basearase na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa específico, consistente en contestar por escrito un cuestionario de 10 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta, correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa que se relaciona no anexo II da convocatoria. O tempo para realizar este exercicio será de 60 minutos. A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos. Cada pregunta terá unha puntuación diferente acorde coa dificultade da mesma (valor que estará expresamente indicado xunto coa pregunta) e a resposta errada a cada pregunta restará o 50 % do seu valor.

SEGUNDO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folia de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan.

TERCEIRO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de lapis do número 2, bolígrafo, goma de borrar e calculadora (pode ser gráfica ou programable).
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que se iniciará a partir das 11:00 horas.

CUARTO: O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Subárea de Planificación e Programación de PAS da Universidade as instrucións detalladas para desenvolvemento da proba con antelación á data da súa celebración.

En Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2024

O presidente do Tribunal
Manuel Vázquez Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MANUEL VAZQUEZ VAZQUEZ, NIF ***5079**, 24/06/2024 17:45:20.

CSV: F0B1-AE52-4B82-81D2